

# ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA

## TITULO I

### DISPOSICIONS XERAIS

#### CAPITULO PRIMEIRO

#### DENOMINACIÓN. NATUREZA XURÍDICA. OBXETO SOCIAL E DOMICILIO

Artigo 1º.— A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA é unha Entidade Asociativa privada sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente dos seus asociados, declarada por Lei de utilidade pública, estendendo o seu ámbito de actuación ó conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se rexe polo disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, xeral do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, os seus propios Estatutos e regulamentos debidamente aprobados e as demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos. Ó formar parte do obxecto da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA a organización e promoción da Esgrima como deporte olímpico, atópase afiliada á Federación Española de ESGRIMA, e acata, dentro do respecto ó Ordenamento Xurídico Español, as regras que rexen o Comité Olímpico Internacional e o Comité Olímpico Español, e os acordos dos mesmos, e esta integrada por as entidades deportivas, as seccións deportivas das entidades no deportivas, deportistas, técnicos, entrenadores, xuíces e árbitros e outros colectivos adicados á práctica do deporte da ESGRIMA.

A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, ademais das competencias que lle son propias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.

Artigo 2º.— A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA estruturase orgánica e funcionalmente de forma democrática e representativa, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos seus asociados, e plena capacidade de obrar, dentro do marco legal vixente, poidendo adquirir para os seus propios fins toda clase de bens, mobles e inmobles, contratar e obrigarse, para o cumprimento de estos fins, e está suxeita as súas propias responsabilidades.

Artigo 3º.— A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA ten como obxecto social promover, dirixir e ordear exclusivamente dentro de Galicia, sen perxuício das competencias concurrentes das Administracións Públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e se rexirá por estes Estatutos e os seus Regulamentos, polos da Federación Española de Esgrima, no que lle sexan aplicables, polas disposicións da Xunta de Galicia, e supletoriamente, a Administración do Estado.

A FEDERACIÓN GALEGA DE ESCRIMA e a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de ESCRIMA, nas súas modalidades de espada, florete e sabre masculinos e femininos, nas categorías oficiais de menores de 15 anos, menores de 17 anos, menores de 20 anos, absolutos e veterans.

Artigo 4.- A FEDERACIÓN GALEGA DE ESCRIMA dentro da súa actividade, na Comunidade Autónoma de Galicia, además das súas funcións propias de promoción, goberno administración, xestión e organización exercerá, baixo a coordinación e tutela da Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia, as seguintes funcións que lle son propias:

- a) Colaborar cas Administracións Públicas e coa Federación Española de Esgrima na promoción e divulgación da ESCRIMA en toda as súas facetas.
- b) Respaldo técnico e administrativamente a práctica da ESCRIMA, velando ante os organismos competentes polo apoio a esta modalidade deportiva dentro de Galicia.
- c) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
- d) Calificar e organizar as actividades e competicións deportivas oficiais dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Colaborar con la Administración Deportiva Autónoma en la ejecución de los planes y programas de los deportistas gallegos de alto nivel.
- g) Elaborar sus propios Reglamentos Deportivos.
- h) Colaborar con la Administración deportiva autonómica en la formación de entrenadores, jueces y árbitros según la normativa que sea de aplicación.

Exercerá como funcións públicas delegadas:

- a) Representar a la Comunidad Autónoma de Galicia en las actividades y competicións deportivas de su modalidad, de conformidad con la normativa de aplicación.
- b) Organizar y calificar las competicións oficiales autonómicas federadas.

- c) Epedir as licencias deportivas para la práctica de la esgrima en los términos que se regulen en el presente estatuto.
- d) Asignar as subvenciones e axudas de carácter público concedidas a través da Federación y exercer o control da correcta aplicación das mesmas polos seus asociados.
- e) Garantir as normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como os demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos estatutos.
- g) Exercer a potestade disciplinaria deportiva, nos termos establecidos na normativa, sobre todas aquelas persoas ou entidades que, atopándose federadas, desenvolvan a modalidade deportiva de esgrima no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- h) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Gallego de Xustiza Deportiva.
- i) Colaborar coas administracións públicas competentes na formación dos adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable, e na prevención, control e represión do uso das substancias prohibidas e da violencia no deporte. En especial tramitar e resolver os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, de conformidade co establecido no título VIII da ley Xeral do deporte de Galicia.
- j) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola lexislación vixente ou que acorde, no ámbito da súa competencia, a Asemblea Xeral.

Os actos adoptados pola FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA no exercicio das funcións delegadas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 5º.- O domicilio social da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA establécese no Complexo Polideportivo de Eiviña, O Birloque, A Coruña, Pza. Agustín Díaz nº 1. local 2.

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen poderá acordar o cambio de domicilio dentro da mesma localidade. Para o traslado de domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma Gallega, será necesario o acordo das 3/5 partes dos membros da Asemblea Xeral, debéndose se, en ambos casos, notificar o cambio á Secretaría Xeral para o Deporte.

Por acordo da Asemblea Xeral, e a efectos de organización interna, poderánse establecer delegacións da FEDERACIÓN nas localidades de Galicia que decida a Asemblea.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### REQUISITOS PARA SERES MEMBRO DA FEDERACION. DEREITOS E DEBERES

Artigo 6º.- As entidades e asociacións deportivas poderán integrarse, a petición propia, na FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se encontren constituídas conforme aos requisitos esixidos pola Lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, debendo comprometerse a cumprir os Estatutos e Regulamentos da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA e someterse á autoridade dos órganos federativos en relación cas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios serán de aplicación, no que lles atinxe, á integración na FEDERACIÓN dos deportistas, técnicos, xuíces e árbitros e outros colectivos interesados se os houbera.

Artigo 7º.- A integración na FEDERACIÓN dos Clubs, Asociacións Deportivas e seccións deportivas de entidades non deportivas, conlevará a posibilidade de integración a todos os efectos na Federación Española de Esgrima, e a obriga dos seus afiliados, que practiquen a ESGRIMA, de integrarse na FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, e a posibilidade de integrarse na correspondente Federación Nacional.

Artigo 8º.- Para a participación en actividades e competicións de carácter oficial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberase obter unha licenza persoal que expedirá a propia *FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA*.

1. A Federación expedirá as licenzas solicitadas nun prazo de 20 días dende a súa solicitude, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos deportivos establecidos para a súa expedición nos seus Estatutos ou Regulamentos.

A non expedición inustificada das licenzas comportará para a Federación a correspondente responsabilidade disciplinaria conforme o previsto no Ordeamento Xurídico Deportivo.

3. As licenzas incluirán un seguro obrigatorio que garanta o dereito á asistencia sanitaria do titular, sendo as cotas fixadas pola Asemblea Xeral.

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA resérvase o dereito, de forma previa á expedición dunha licenza, de establecer a obrigatorialidade dun recoñecemento médico do deportista.

2. De acordo co disposto pola Lei Orgánica 15/1999 (13 de decembro) de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos proporcionados polos estamentos federativos, serán incorporados e tratados nos diversos ficheiros que reúnen as medidas de seguridade de nivel básico e que se atopan inscritos no Rexistro Xeral de Datos Persoais dependente da Axencia Española de Protección de Datos. O responsable do devandito ficheiro é a FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA. A finalidade da recollida e tratamento dos datos é a de tramitar e xestionar licenzas deportivas e unicamente serán cedidas a terceiros no ámbito das competicións deportivas, para cumprir os fins que exclusivamente se deriven do exercicio das funcións e obrigacións da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na sede da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA.

Artigo 9º.- Todo integrante da *FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA* ten os dereitos seguintes:

- a) Formar parte dos diversos órganos e comités federativos.
  - b) Participar nas actividades e competicións que organice esta federación
  - c) Elevar cantas consultas e reclamacións consideren oportuno
2. Son obrigas dos mesmos
- a) Aboar cumpridamente as cotas e dereitos federativos.
  - b) Acatar e cumprir dilixentemente os acordos e decisións dos órganos federativos, así como aceptar e cumprir os Estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA.
  - c) Representar a esta Federación cando se lle requira para elo, incluíndo as sesións de concentración e preparación que se establezan polos responsables federativos
3. A perda de condición de federado producirase por finalización do prazo de vixencia da licenza ou por sanción disciplinaria firme

## TITULO II

### DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

#### CAPITULO PRIMEIRO

##### NORMAS XERAIS

Artigo 10º.- Son órganos de goberno e representación da FEDERACION, a Asemblea Xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea Xeral, deberá constituirse unha Comisión Delegada de asistencia á mesma.

Artigo 11º.- 1.- Serán órganos electivos da Federación o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada, no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités, serán designados e revocados libremente polo Presidente, coas excepcións previstas en estes Estatutos.

2.- O nomeamento ou a renovación dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que poideran crearse no seo da Federación, deberán ser comunicados a todos os membros d Asemblea Xeral e á Secretaría Xeral para o Deporte, nun prazo de quince días a partir do nomeamento.

3. Os órganos de goberno e representación reuniránse na forma e términos establecidos en estes Estatutos, seus acordos, salvo disposición expresa en contrario, adoptaranse por maioría simple, en caso de empate o Presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade á lexislación vixente e o disposto en estes Estatutos.

A adopción de acordos dos órganos colexiados da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA serán comunicados a todos os estamentos a través da súa páxina [www.fgesgrima.es](http://www.fgesgrima.es), mediante circulares oficiais, así como a través do correo electrónico. Calquera federado poderá exercer o seu dereito de impugnación contra un acordo contrario á normativa en vigor, ante as instancias federativas, administrativas e xurisdicionais competentes.

4.- A responsabilidade dos membros dos órganos da Federación no exercicio das súas funcións, será esixida de conformidade co disposto na Lei Xeral de Deporte de Galicia 3/2012 de 2 de abril e nos ámbitos civil e penal de acordo ca lexislación vixente.

5.- Son requisitos xerais para seres membro de calquer órgano da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, sin perxuicio do establecido regulamentariamente, os seguintes:

- a) Ter a condición de cidadán de Galicia segundo o disposto no artigo 3º do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d) Non ter sido condenado en sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

CAPITULO SEGUNDO  
DA ASEMBLEA XERAL  
SECCIÓN PRIMEIRA

NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESE

Artigo 12º.- A Asemblea Xeral e o órgano superior de goberno e representación da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA.

Artigo 13º.-A Asemblea Xeral está constituída polo Presidente da Federación e polos representantes das Entidades deportivas, os deportistas, os adestradores os xuíces-árbitros e outros colectivos, se os houbera.

Os compoñentes da Xunta directiva, por este só carácter poderán asistir as reunións da Asemblea, con dereito a voz pero sen voto.

Artigo 14º.- A Asemblea Xeral estará integrada por 14 membros, mailo Presidente. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo, salvo a singularidade prevista para o estatuto de clubs, por e entre os compoñentes de cada estatuto de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estatutos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, os clubs deportivos, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.

No estatuto de clubs haberá membros natos e membros electos.

Non cabe representación das persoas físicas.

Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

A porcentaxe de cada estatuto é:

- a) Representantes de clubs: 64,29 (9 clubs)
- b) Representantes de deportistas: 21,43 % (3 deportistas)
- c) Representantes de adestradores: 7,14 % (1 adestrador)
- d) Representantes de xuíces: 7,14 % (1 árbitro)

A representación mínima do estatuto de clubs na asemblea xeral da Federación Galega de Esgrima deberá ser **do 50% do censo definitivo de clubs**, incluíndo os membros natos que serán dous por nº de licencias e dous por nº de participacións en competicións, Se coincidiren nalgún club ambos requisitos reducirase o número de membros natos, non tendo esa condición os seguintes en puntuación.

Establécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte:

A) Para os membros natos por nº de licencia 1 punto por cada membro de dito clube con licencia autonómica na tempada anterior a celebración de eleccións e outro por cada membro con licencia nacional na mesma tempada.

B) Para os membros natos por maior participación en competicións oficiais, 1 punto por cada participante en competicións autonómicas e outro punto por cada participante en competicións Nacionais na tempada anterior a celebración de eleccións.

Artigo 15.- A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral e o de cada un dos estatutos.

Artigo 16º.— Os membros da Asemblea Xeral e a Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas :

- a) Defunción.
- b) Disolución da entidade á que representan.
- c) Expiración do mandato para o que foron elixidos.
- d) Renuncia voluntaria ou dimisión.



- e) Estar incurso en causa de inelexibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta regularmentariamente, que implique o cese no cargo.
- g) Pérdida dos requisitos polos que foron elexidos no seu respectivo estamento.

Artigo 17º.- As vacantes que se produzan na Asemblea antes das seguintes eleccións xerais á mesma, serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos Candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos electos e, a falla de istos, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea; seu mandato terá a duración do tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

SECCION SEGUNDA  
RÉXIME DE FUNCIONAMENTO  
1.- COMPETENCIAS.

Artigo 18º. A Asemblea Xeral, en canto órgano máximo de goberno e representación da Federación, pode adoptar cualquier acordo ou decisión sobre a mesma, con sometimento as regras de competencia e procedemento. En especial son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

- 1.- A aprobación e modificación dos Estatutos da FEDERACION GALEGA DE ESGRIMA.
- 2.- A elección, mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo, do Presidente e da Comisión Delegada da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, así como o cese e a moción de censura ao Presidente.
- 3.- Aprobación e liquidación do presuposto anual da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA.
- 4.- Aprobación do programa ou calendario deportivo anual a desenrolar pola FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA e das bases ou regulamentos que rexirán a competición.
- 5.- Aprobación da creación de órganos territoriais da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA.
- 6.- Aprobación dos regulamentos electorales da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA.
- 7.- Aprobación dos regulamentos sobre conciliación extraxudicial ou arbitraje.
- 8.- Aprobación do regulamento de disciplina deportiva.

9.- Cualquera outra competencia non atribuída expresamente a outro órgano.

## 2.- CONVOCATORIA

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRINA cun mínimo de 10 días naturais de antelación á data da súa celebración, no taboleiro de anuncios da Federación, debendo incluír necesariamente os puntos da orde do día ademais da notificación individual a cada un dos membros da Asemblea, por calquer medio que permita ter constancia da recepción, ca mesma antelación mínima.

Os defectos formais na convocatoria non darán lugar a nulidade da mesma, sempre que os membros da Asemblea recibisen a convocatoria, ca orde do día, no prazo establecido, e, en todo caso será válida a Asemblea, sen ningún outro requisito, sempre que comparezan a totalidade dos seus membros.

A orde do día poderá ser modificada, no senso de incorporar novos puntos, pola petición fundada da quinta parte dos membros da Asemblea Xeral, sempre que a solicitude se efectúe ca antelación suficiente para a súa notificación no prazo de carenta e oito horas ós membros da Asemblea Xeral.

Artigo 20º.- O presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, deberá convocar unha Asemblea xeral Ordinaria, anualmente, antes do inicio da tempada deportiva, para tratar os asuntos propios da xestión ordinaria, aproba-la memoria anual de actividades, aprobar as contas do exercicio anterior, aprobación do calendario deportivo e regras que han de rexir a competición, así como o examen das propostas que formulen os membros da Asemblea, da Comisión Delegada, da Xunta Directiva e o Presidente.

As demais Asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA sempre que o considere oportuno ou o solicite, ó menos, o 25% de membros da Asemblea Xeral en cuxo caso a Asemblea deberá ser convocada, cas formalidades citadas no prazo de 10 días, transcurridos os cais sen producirse a convocatoria, poderán os solicitantes facer uso dos dereitos que a lexislación vixen e establece, ante a Secretaria Xeral para o Deporte.

Cando o Presidente estime a existencia dunha situación urxente, poderá convocar a Asemblea Xeral, sen outro requisito de forma que a notificación persoal os seus membros, debendo estar presentes a lo menos, os 2/3 dos seus integrantes para a súa validez, así como pronunciarse os asistentes, como primeiro punto da orde do día, sobor

da urxencia da convocatoria e a necesidade ou non de ésta. En todo caso nunha Asemblea Xeral convocada por iste medio, non se poderán modificar os Estatutos.

Artigo 21º.- A Asemblea Xeral quedará válidamente constituída en primeira convocatoria, cando a ela concurran a maioría dos seus membros.

Na segunda convocatoria será válida sexa cal sexa o número de asistentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar un minino de media hora.

### 3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 22º.- As votacions no seo da Asemblea Xeral, realizarán se de forma e po-la orde que Presidencia estableza, e decidirá sobor da súa condición de ordinarias, nominais ou segredas, salvo que o 25% dos membros da Asemblea solicite unha forma determinada de votación, en ese caso decidirá a Asemblea por maioría simple.

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da Federación, e o seu voto será de calidade no caso de empate. Os acordos adoptarán se por maioría simple dos asistentes.

Artigo 24º.- De todos os acordos adoitados na Asemblea Xeral e a Comisión Delegada, levantará se acta polo Secretario das mesmas, especificando o nome dos intervinentes, o contido dos acordos adoitados, o resultado das votacions e, no seu caso, os votos particulares contrarios o acordo adoitado, os cais, ademáis das abstencions motivadas, eximirán a quen os emita de cualquier responsabilidade derivada do acordo adoitado.

Art.go 25º.- Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada son vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade de órganos, persoas e entidades que integran a Federación a partir da data da súa adopción.

Artigo 26º.- Nin a Asemblea Xeral nin cualquera outro órgano da Federación poderá adoitar nengún acordo que poida comprometer de forma irreversible o seu patrimonio ou a actividade que constitue o seu obxeto.

En caso de dúbida ou a petición do 25% dos membros de dereito da Asemblea. será requisito imprescindible a emisión dun informe favorable por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.

Artigo 27º.-

1.- No seo da Asemblea Xeral constituirá se a Comisión Delegada, que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.

2.- A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

3.- A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será de 8, incluíndo o Presidente da Federación como membro nato. O procedemento para a súa elección será o seguinte:

Na asemblea xeral, terminada a votación para elección de Presidente, presentaranse as candidaturas á comisión delegada entre os seus membros, que serán 3 do estamento de clubes, 2 de deportistas, 1 de árbitros e 1 de adestradores.

4. O Presidente da Federación convocará a Comisión Delegada a unha reunión, como mínimo cada catro meses, para os fins da súa competencia e polo menos para o seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

5.- Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos presupostos.
- b) A modificación do calendario Deportivo.
- c) A modificación dos presupostos e Regulamentos.
- d) O seguimento da xestión deportiva e económica da Federación

As modificacións non poderán exceder dos límites fixados pola Asemblea Xeral. A proposta dos temas a tratar na Comisión corresponde ao Presidente ou a 1/3 parte dos membros de esta.

## CAPITULO CARTO DO PRESIDENTE

Artigo 28º.— O Presidente da Federación e lo órgano de goberno e representación que ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos.

Correspondelle o nomeamento dos Delegados nas Delegacións que a Asemblea Xeral establecece.

Artigo 29º.- A duración do mandato do Presidente será de catro anos. No caso de que quede vacante a Presidencia antes do fin do seu mandato, considerarásese dimisionaria a toda a Xunta Directiva, constituíndose en Comisión Xestora a Comisión Delegada, presidida polo seu membro de maior idade. Ésta convocará á Asemblea Xeral que haberá de elixir novo Presidente para cubrir o cargo polo tempo que reste ata o final do mandato ordinario, se a vacante se produce por moción de censura, se estará ó disposto no artigo 32 de estes Estatutos.

Artigo 30º.- O desenvolvemento do cargo de Presidente será incompatible cas seguintes actividades:

- a) A ocupación de cargos directivos noutras Federacións Deportivas agás a Federación Española da mesma disciplina deportiva.
- b) Desenvolvemento de cargos en Asociacións deportivas ou Clubs dependentes integrados na Federación Galega de Esgrima.
- c) Non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.

Non existirá incompatibilidade, en ningún caso ca práctica activa do deporte.

Artigo 31º.- O Presidente cesará por:

- a) Transcurso do prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Incapacidade física ou psíquica para o desenvolvemento do cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Estar incurso ou incorrer posteriormente en causa de inelexibilidade ou incompatibilidade, neste último caso disporá do prazo dun mes para cesar no cargo incompatible co de Presidente.

Artigo 32º.- A moción de censura, que en todo caso será constructiva, ó Presidente poderá ser presentada por un número de membros non inferior ó 20% da Asemblea Xeral, a medio de escrito presentado no rexistro da Federación, solicitando ó tempo a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria cuxo único punto da orde do día será a moción de censura e propondo un candidato alternativo á Presidencia.

Para que prospere a moción de censura deberá se acadar o voto favorable da maioría

absoluta dos membros que compoñen a Asemblea Xeral na primeira votación ou a maioría simple dos asistentes na segunda celebradas cunha hora de diferenza, en cuio caso o candidato proposto será investido por un mandato cuxa duración será o prazo que reste para concluir o período ordinario.

A convocatoria da Asemblea Xeral para a moción de censura, deberá facerse cos requisitos formais establecidos nestes Estatutos e será presidida por o membro de maior idade da Asemblea non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto. Se a moción de censura non prosperase non se poderá presentar outra, antes de transcorridos seis meses, así como, no caso de prosperar tampouco se poderá promover contra o candidato investido en dita moción, en igual prazo.

### TITULO III

#### ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 33º.- Son Organos Complementarios dos de goberno e representación:

- a) A Xunta Directiva.
- b) O Secretario Xeral
- c) O tesoureiro.

Artigo 34º.-

1.-- A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da Federación, e os seus membros son nomeados e revocados libremente polo Presidente.

O número de membros da Xunta Directiva será establecido por a Asemblea Xeral, non podendo ser inferior a 5 nin superior a 15.

O Presidente elixirá entre os membros da súa Xunta Directiva, un Vicepresidente, que o será tamén da Federación e que substituirá ao Presidente por delegación cando sexa preciso, un Secretario, e un Tesoureiro, como cargos de confianza do Presidente serán nomeados e revocados libremente por éste.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea poderán acudir ás sesións de ista, con voz pero sen voto.

Todos estes cargos son honoríficos, e no caso de establecerse unha compensación

económica para algun deles, deberá ser expresamente aprobada po-la Asemblea Xeral, debendo constar de maneira diferenciada no presuposto, e non poderá ser satisfeita con cargo as subvencions públicas que reciba a Federación.

2.- O Presidente da Federación nomeará un Secretario Xeral da Federación, que exercerá a función de Fedatario e asesor, e máis especificamente:

- a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación, cos requisitos exixidos nestes Estatutos, a custodia das mesmas e dos arquivos da Federación.
- b) Expedi-las certificacións oportunas das actas dos órganos do goberno e representación.
- c) Remitir á Secretaria Xeral para o Deporte as actas da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días dende a súa celebración. Así como as súas convocatorias.
- d) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da Federación, ou lle sexan delegadas polo Presidente.

3.- O Tesoureiro da Federación é o órgano de administración da mesma.

Exercerá cono funcións propias:

- a) Levar a contabilidade da Federación.
- b) Exercer a inspección económica de todos os órganos da Federación.
- c) Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada do estado contable da Federación.

As súas funcións serán exercidas polo Secreatrio Xeral no caso de non existires a figura do tesoureiro.

Artgo 35º.- Para ser membro da Xunta Directiva non será necesario formar parte da Asemblea Xeral.

Artigo 36º.- Os membros da Xunta Directiva cesarán por as seguintes causas:

- a) Vacancia na Presidencia, sen perxucio da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos Estatutos.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para o desenrolo do cargo.
- d) Por incurrir en causa do inelexibilidade ou incompatibilidade.
- e) Por cese directo do Presidente.

Artigo 37º.- A Xunta Directiva, corno órgano colaborador do presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación as que lle encomende o Presidente que poderá revocar a delegación en calquera momento.

Artigo 38º.- Os asuntos de trámite ordinarios serán despachados polo Presidente e o Secretario.

Artigo 39º.- A Federación poderá crear, previa a súa aprobación pola Asemblea Xeral tantas Comisions técnicas precise, ademáis das seguintes:

a) Os Comites de Disciplina Deportiva: Comite de competición ou Xuiz único e Comite de Apelación.

b) O Comité de Xuices árbitros

c) A Dirección Técnica

Todais as Comisions rexirán se polos seus Regulamentos internos e, no seu caso por a normativa Nacional, pola lexisiación aplicable e o disposto nestes Estatutos

Todos os Presidentes dos comités e a Dirección Técnica serán nomeados polo Presidente actuando como Secretario o da Federación, sen voz e sen voto, salvo que fose membro dos mesmos.

## CAPITULO SEGUNDO COMITE DE XUICES ÁRBITROS

Artigo 40º.— No seo da Asemblea Xeral da Federación constituirá se un Comite de Xuices árbitros.

Este comité adoptará a estrutura territorial da Federación.

Serán funcións deste Comité:

a) Establecer os niveis de formación Arbitral

b) Clasificar tecnicamente os Xuices árbitros, en función de criterios prefixados pola Asemblea Xeral propondo a Xunta Directiva a adscripción á categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicarán se á Asemblea Xeral .

c) Propor á Xunta Directiva as normas administrativas que regulen o arbitraje, para a súa posterior aprobación pola Asemblea.

d) Designar os árbitros nas competicións oficiais de ámbito Galego

e) Colaborar cos demáis órganos da Federación



## CAPITULO TERCEIRO

### NORMAS COMUNES RELATIVAS A ASISTENCIA Y ADOPCIÓN DE ACUERDOS MEDIANTE MEDIOS DE COMUNICACIÓN ELECTRÓNICOS Y AUDIOVISUALES EN LOS ÓRGANOS COLEGIADOS DE LA RFEE

Artigo 40 bis.- a FEDERACIÓN co obxecto de aforrar costes, facer máis áxil a operativa de reunións e xerar novos mecanismos de participación dos membros dos órganos federativos colexiados, autorizará a utilización das novas tecnoloxías da comunicación no funcionamento dos seus órganos colexiados de goberno e representación, complementarios e técnicos, agás a Asamblea Xeral, a saber: e-mail, fax, teléfono y video conferencia.

1. Queda facultada a asistencia e participación dos membros da Xunta Directiva, Comisión Delegada, Comité Técnico e de Arbitraje, as reunións de ditos órganos federativos por vídeo conferencia, ou outro medio de comunicación que poida garantir a participación efectiva e a autenticidade do seu voto. Nesa hipótese, o membro dos referidos órganos federativos será considerado presente na reunión, e o seu voto será valido para todos os efectos legais.
2. Se nengún membro do órgano colexiado do que se trate manifestase a súa oposición por escrito nas 24 horas seguintes a recibir a comunicación de adopción de acordos por vía telemática, poderán adoptarse decisións por parte dos órganos colexiados federativos citados, utilizando para isto o e-mail, o fax ou o teléfono, sen que sexa necesaria a reunión física das persoas que integran ditos órganos.
3. Tanto das reunións con asistencia presencial e/ou virtual, como dos casos en que os órganos colexiados adopten acordos por vía telemática, levantarase a correspondente acta.

## TÍTULO V

### RÉXIME ELECTORAL CAPITULO PRIMEIRO

#### OS CENSOS

Artigo 41º.- Comporán os censos correspondentes a cada estamento electoral todos os membros da FEDERACION que reúnan os requisitos establecidos para cada Estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral.

Terán a condición de electores e elexibles en cada estamento e por tanto comporán o censo electoral

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de clubs: aqueles clubs, que estean inscritos, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aqueles clubs que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

3. Os membros da federación que pertenzan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, consistirán en que serán encuadrados en un único censo con iste orde de preferencia 1º Deportistas, 2º Árbitros 3º Técnicos.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 42º.- Os procesos electorais desenrolarán se conforme o Regulamento Electoral que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta da Presidencia e que regulará as seguintes cuestións:

1 .- Numero de membros da Asemblea Xeral, circunscripcions electorais e representantes que correspondan a cada estamento por circunscripción electoral.

2.- Calendario electoral.

3.- Censos electorais.

4.- Composición competencias e funcionamento da Xunta Electoral

5.- Requisitos para a presentación e proclamación de candidaturas. O prazo para presentación de candidatos A Presidencia e Asemblea xeral non poderá ser inferior a 10 días.

6.- Procedimento e resolución de conflitos, impugnacións ou reclamacións, así como recursos electorais.

7.- Regulación do voto por correo nas eleccións a asemblea Xeral. Non se admitirá nas eleccións A Presidencia nin a Comisión Delegada.

8.- Composición, competencia, número e ubicación das mesas electorais.

9.- Procedimento de elección do Presidente.

10.- Elección da Comisión Delegada.

Este Regulamento deberá ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

### CAPITULO TERCEIRO

#### DA COMISIÓN XESTORA

Artigo 43.- Acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral, o Presidente procederá a súa convocatoria no prazo sinalado. A Partires de este intre a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en comisión xestora e someterán o Regulamento Electoral a ratificación sinalada no artigo anterior.

A Comisión Xestora Garatirá a máxima difusión e publicidade da convocatoria electoral a Asemblea Xeral e á Presidencia, así como do regulamento electoral a través dos medios que permitan asegurar a recepción e notificación a todas as entidades deportivas que as difundirán entre os seus membros. Exporá todo elo no taboleiro de anuncios da Federación e na súa páxina web o mesmo día da convocatoria.

A Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo de tres meses, no caso de que non se presentara ningunha candidatura ou non fosen válidas as presentadas.

Se algún membro da Comisión Xestora presentase a súa candidatura a presidencia, deberá, previa ou simultáneamente, cesar na mesma. O presidente sainte da federación será membro da nova Asemblea. Esta condición pérdese nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou de habela presentado se non resultase elixido

### CAPITULO CUARTO

#### CIRCUNSCRIPCION ELECTORAL

Artigo 44.- A circunscrición electoral da Federación Galega de Esgrima e unha sola para todo o territorio da comunidade Autónoma Galega, sen prexuício de que a Asemblea Xeral, en exercicio de suas funcións, modifique ou amplíe o seu numero e distribución territorial cando o considere necesario.

## CAPÍTULO QUINTO DA XUNTA ELECTORAL

Artigo 45.- A Xunta Electoral estará composta por tres membros, elexidos por Sorteio entre as candidaturas que se presenten, na maneira que dispoña o Regulamento Electoral.

1.- De entre os membros da Xunta o Presidente de ésta será e maior idade, e actuará como secretario o que o sexa da FEDERACION, con voz pero sen voto.

2.- Os membros da Xunta Electoral non poderán figurar como candidatos á Asemblea Xeral ou a Presidencia da FEDERACIÓN.

3.- A Xunta Electoral terá como competencias, controlar todo o proceso electoral, resolver as incidencias que surxan sobre o censo electoral presentación de candidaturas, proclamación de candidatos e membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidente da FEDERACIÓN, as como a decisión de calquera outra cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e os seus resultados. Unha vez finalizada a votación e o recuento, levantará acta de estos e a remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de 5 días.

4.- As decisións da Xunta Electoral son executivas no marco da súa competencia e se tomarán por maioría, tendo o Presidente voto de calidade en caso de empate.

5.- Unha vez concluído o proceso electoral na súa totalidade a Xunta Electoral disolveráse.

## CAPÍTULO SEXTO DAS MESAS ELECTORAIS

Artigo 46º.- Para a elección dos membros dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, constituirán-se unha ou varias mesas electorais. na forma establecida no Regulamento Electoral. Os membros da mesa ou mesas non poderán ser candidatos, e o seu funcionamento axustará se ó disposto no Regulamento Electoral.

## CAPÍTULO SÉPTIMO DOS RECURSOS

Artigo 47º.- As reclamación e impugnacións que se presenten contra calquera acto

electoral, dirixiranse a Xunta Electoral e contra o que esta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva, o mesmo recurso caberá contra calquera acto, acordo ou resolución, de calquera órgano ou membro da Federación en materia electoral.

## CAPÍTULO OITAVO ELECCION DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 48.-

1.- Os membros da Asemblea Xeral serán elexidos cada catro anos, coincidindo co dos Xogos Olímpicos de Inverno mediante sufraxio libre, segredo, igual e directo entre e polos compoñentes dos diversos estamentos da FEDERACION.

2.- As eleccións A Asemblea Xeral serán acordadas pola mesma que aprobará a convocatoria con todos os requisitos que se establezan no Regulamento Electoral que se aprobe.

3.- Acordada a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente quen firmará a mesma.

4.- Dende a Convocatoria para a celebración de eleccións, a Xunta Directiva constituirá-se en Comisión Xestora, segundo o disposto nestes estatutos.

Artigo 49º.- Para ser elector e elexible a membro da Asemblea Xeral require se o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter Xeral no art 5 e en particular os exixidos polo art. 41 de estos Estatutos. ditos requisitos deberán estar cumpridos o día que se publique a convocatoria.

Artigo 50.- Os representantes das entidades deportivas, na asemblea Xeral serán elexidos por e entre os representantes dos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que integren o censo de entidades deportivas, conforme ao disposto no artigo 41 de estos Estatutos.

Os representantes dos deportistas na asemblea Xeral serán elexidos por e entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral que integren o censo de deportistas, conforme dispón o artigo 41 dos estatutos, o anterior será de aplicación ao estamento de xuíces árbitros, que integrarán o censo con independencia da categoría, cos requisitos esixidos en dito artigo 41.

## CAPÍTULO NOVENO ELECCION DO PRESIDENTE

Artigo 51º.- Unha vez concluídas as eleccións a Asemblea Xeral, o Presidente da Comisión Xestora, previo acordo da mesma procrderá inmediatamente a convocatoria de dita Asemblea para a elección do Presidente e Comisión Delegada da FEDERACIÓN.

O Presidente será elixido para un período de catro anos que coincidirá cos anos en que se celebren Xogos Olímpicos de Inverno, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo sen que poda admitirse o voto por correo nin por delegación das persoa físicas.

Os candidatos a Presidente, poderán non ser membros da Asemblea Xeral.

Artigo 52º.- Será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos, se nengún candidato alcanzase esta maioría procederá se a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados na primeira, resultando elixido o que obteña a maioría dos votos.

Se sólo se presentase un candidato non se efectuará votación, sendo éste proclamado Presidente.

Artigo 53º.- Para poder ser candidato e Presidente da FEDERACION GALEGA DE ESGRIMA deberán reunirse as seguintes condicións:

- a) Ter a condición de cidadan de Galicia segundo o disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) non estar incurso en ningunha sanción disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite, dictada por os organos disciplinarios da FEDERACIÓN ou do Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- d) Non ter sido condeado en sentenza penal firme, que leve aparexada pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e) Non estar incurso en ningunha outra causa de incompatibilidade legal ou estatutaria.

## CAPITULO DÉCIMO ELECCIONS DA COMISIÓN DELEGADA

Artigo 54º.- Na mesma Asemblea Xeral convocada para a elección do Presidente e

realizada ésta procederá e á elección das membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será de 8, incluíndo o Presidente da Federación como membro nato. O procedemento para a súa elección será o seguinte:

Na asemblea xera, terminada a votación para elección de Presidente, presentaranse as candidaturas á comisión delegada entre os seus membros, que serán 3 do estamento de clubes, 2 de deportistas, 1 de árbitros e 1 de adestradores.

Unha vez presentadas as candidaturas, se estas superasen os membros a elixir, porcederáse a votación do mesmo xeito establecido para a elección de Presidente.

## TITULO VI

### DO RÉXIME ECONÓMICO DA FEDERACION

Artigo 55º.- A FEDERACION GALEGA DE ESGRIMA. está sometida réxime de administración presuposto e patrimonio propio e caixa única.

O exercicio económico da Federación comezará o primeiro de xaneiro e pecharase o 31 de decembro de cada ano.

O tesoureiro da Xunta Directiva da Federación elaborará anualmente o anteproxecto do Orzamento da Federación, que trala súa aceptación pola Xunta Directiva, será sometido á Asemblea Xeral no último trimestre do seu exercicio económico para a súa aprobación e posterior remisión, no prazo dun mes, á Secretaría Xeral para o Deporte. Dito Presuposto deberá ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado no que se refire ás Subvencións Públicas as condicións de aprobación dos presupostos de Galicia.

A Federación non poderá aprobar orzamentos deficitarios, agás nos casos excepcionais en que o autorice a Secretaría Xeral para o Deporte.

En ningún caso a FEDERACIÓN GALEGA de ESGRIMA poderá repartir beneficios entre os seus membros.

A FEDERACIÓN elaborará unha memoria que analizará fielmente a súa actividade económica, a súa adecuada actuación presupuestaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos a desenrolar, e informará como mínimo sobre os seguintes aspectos:

1.- Diferenciación dos ingresos e aportacións en:

- a) Subvencións Públicas
- b) Subvencións, doativos ou aportacións privadas
- c) Venda de activos
- d) Ingresos procedentes da organización de competicións.
- e) Ingresos por Servicios prestados pola Federación, permisos, licencias e outros.
- f) Ingresos Financieros.

2.- Tamén constará o destino da totalidade dos recursos dividido, como mínimo, nos seguintes grupos de gasto:

- a) Administración da Federación
- b) Dirección e servicios da directiva, incluídos viaxes.
- c) Competicións.
- d) Axudas a Clubs e outras entidades
- e) Axudas para actos deportivos
- f) Construcións e outros inmovilizados.
- g) Formación de Deportistas e Técnicos
- h) Deportes de élite profesional
- i) Arbitraje
- j) Organos xurisdiccionais.

3.- O importe das obrigas de Pago que sexa necesario satisfacer en outros exercicios que non esten previstos no balance.

4.- O importe das garantías e Avais comprometidos.

5.- A liquidación do presuposto, que haberá de explicar as variacións sufridas en relación co presuposto aprobado pola Asamblea Xeral Ordinaria Anterior.



As Contas anuais e os presupostos estarán no domicilio Social da Federación cunha antelación mínima de 15 días da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, a disposición das persoas e entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir que se lles entregue copia antes da celebración a Asemblea, sin perxucio do disposto e cumprindo en todo caso a normativa de Protección de Datos.

Artigo 56º.- Constitúen os ingresos da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA:

a) As Subvencións ordinarias o extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que lle concedan outras Entidades Públicas, así como as que proveñan da Federación Española de Esgrima.

b) Os bens e dereitos que reciba por herdanza, legado ou doación das persoas físicas ou entidades particulares, así como os premios que lles sexan outorgados.

c) As coutas dos seus afiliados.

d) As sancións pecuniarias que se lle impongan aos seus afiliados no exercicio da potestade disciplinaria.

e) Os froitos, rendas e intereses xerados polos seus bens patrimoniais

f) Os préstamos ou créditos que se lle concedan.

g) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.

h) Calquer outro que poida serlle atribuído por disposición legal ou en virtude de convenio.

Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda o gravamen dos bens inmobles cuxa titularidade lle corresponda á FEDERACIÓN. Asímismo, se requirirá igual autorización cando a FEDERACIÓN pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou o porcentaxe do mesmo en relación con seu presuposto, vulneren os criterios que reglamentariamente se determinen. Esta autorización poderá consignarse nos contratos programa que poidan ser firmados entre a Administración deportiva autonómica e a FEDERACIÓN para o desenvolvemento das súas actividades e funcións

Artigo 57º.- A FEDERACION GALEGA DE ESGRIMA destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social.

Artigo 58º.- A Xestión económica ordinaria da FEDERACIÓN GALEGA, correrá a cargo do tesoureiro ou do secretario Xeral se non existire iste, Baixo a supervisión do presidente, coidando das operacións de cobros e pagos.

Autorizará ca súa firma, mancomunada ca do Presidente, ou o Vicepresidente Autorizado, todos os documentos de movementos de fondos. Será responsable da

levanza e custodia dos libros de contabilidade e formulará or balances que anualmente deberán presentarse á aprobación da Asemblea Xeral.

## TITULO VII DO RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 59º.- O réxime documental da FEDERACION GALEGA DE ESGRIMA, comprenderá como mínimo os seguintes libros debidamente dilixenciados.

- a) Libro rexistro de entrada e Saída de documentos e comunicacions oficiais.
  
- b) Libro rexistro de clubs no que constaran denominación de istos, o seu domicilio social e o seu número de inscrición no rexistro, de clubs, federacions e entidades deportivas da Xunta do Galicia.
  
- c) Libros de Actas que consignarán as reunións que celebren todos os órganos colexiados da Federación, tanto de goberno e representación tomo complementarios e técnicos.
  
- d) Libros de contabilidade.
  
- e) Libro inventario de bens mobies e inmobles.
  
- f) Rexistro de membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os donicilios para as citacions e notificacións.

Artigo 60º.— O réxime documental da FEDERACIÓN estará a cargo do Secretario Xeral da mesma, a quen lle corresponde a custodia dos libros, o levantamento das Actas das reunions dos órganos colexiados e unha vez aprobadas, co visito bo do Presidente; expedir e remitir as certificacións e Acordos que procedan a Secretaría Xeral Para o Deporte.

En caso de Ausencia ou imposibilidade física do Secretario Xeral as suas funcións serán desenroladas polo propio presidente ou pola persoa en quen delegue.

## TÍTULO VIII DO RÉXIME DISCIPLINARIO, XURISDICCIONAL E DE RESPONSABILIDADE

Artículo 61.- A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA ten potestade, en materia disciplinaria deportiva, sobre todas as persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, as entidades deportivas, os deportistas, técnicos e directivos, xuíces-árbitros e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que estando federadas desenvolvan a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito do territorio da Comunidade Autónoma Galega.

Artigo 62º.- Os órganos competentes en materia disciplinaria serán:

- a) Na primeira instancia un Xuíz único nomeado polo presidente podendo estar asistido polo secretario da federación ou a persoa en quen delegue.
- b) Na segunda instancia un Comité de Apelación, composto por tres membros e un director que serán nomeados pola xunta directiva a proposta do presidente, que funcionarán de acordo co que se dispoña no Regulamento de Réxime Disciplinario da Federación.

Os seus integrantes poderán ser membros ou non da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, neste caso, dende o momento do nomeamento pola Asemblea Xeral, integraranse na FEDERACIÓN.

Artigo 63.- 1.- As resolucións dictadas polo Comité de Apelación no marco das súas competencias, terán carácter definitivo no ámbito da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA e poderán ser recurridas ante Comité Galego de Xustiza Deportiva.

O Réxime Disciplinario Deportivo poderá ser desenvolvido nun regulamento disciplinario que é independente da responsabilidade civil ou penal, así como do réxime laboral, que se rexirán pola lexislación que en cada caso corresponda.

2.- Corresponde á Federación Galega de Esgrima a potestade disciplinaria en materia deportiva con facultade de investigar, sancionar ou corrixir a quen formen parte da súa propia estrutura e, a todas as persoas e entidades que, estando federadas, desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

O ámbito de aplicación da Disciplina Deportiva esténdese ás infraccións das regras de xogo ou da competición e das normas xerais deportivas tipificadas na Lei do Deporte e nos Estatutos da F.G.ESGRIMA. Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas.

Artigo 64º.- FALTAS E SANCIÓNES

1. Son faltas disciplinarias as infraccións das regras da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva, divídense en tres tipos:
  - a) Infraccións moi graves.
  - b) Infraccións graves.
  - c) Infraccións leves.

## NATUREZA E CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNNS

2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:
  - a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.
  - b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público.
  - c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
  - d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, do encontro ou da competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
  - e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
  - f) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
  - g) A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, dos encontros ou das competicións.
  - h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes

- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incurrir outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos

#### 4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público, cos compañeiros e cos subordinados.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

## SANCIÓNS

#### 5. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Perda de ascenso de categoría ou división.
- d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.

- e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.
- f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
- h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

6. Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:

- a) Amoestación pública.
- b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.
- c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.
- d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

7. Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento.
- b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.

8. As multas só se lles poderán imponse ás entidades deportivas e aos que, conforme na *LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais

## PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDADE.

9. Para graduar as sanción teranse en conta as circunstancias conorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a conorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
10. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias conorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a conorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
11. En función das circunstancias previstas nas alíneas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de conorrener circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista

## CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE.

12. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción
13. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
14. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
15. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a conorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

## CAUSAS DE EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE

16. A responsabilidade disciplinaria extínguese:
  - a) Polo cumprimento da sanción.

- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
- d) Por prescrición das infraccións ou sancións

## PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

- 17. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
- 18. termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
- 19. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comezase.

## CLASES DE PROCEDEMENTOS

- 20. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario
- 21. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. A súa concreción faise nestes estatutos e, na súa regulación, deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.
- 22. procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

## REGRAS COMÚNS AOS PROCEDEMENTOS

- 23. No non previsto na *LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo



común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

24. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
25. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
26. As actas subscribas polos xuíces da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

As manifestacións do xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

#### PROCEDEMENTO ABREVIADO

27. As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

##### 1. Iniciación:

- a) Procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscriba polo xuíz ou árbitro e polos competidores ou polos delegados dos clubs. No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.
- c) En ambos os dous casos, o inicio do expediente sancionador e a designación de instructor notificarase as persoas ou entidades interesadas.

##### 2. Tramitación e resolución:

- a) No prazo de dous días, que se contarán dende a notificación prevista no artigo anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou na denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes. A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.
- b) O órgano instrutor trasladaralle, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.

A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

## PROCEDEMENTO ORDINARIO

28. As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

### 1. Iniciación:

- a) procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.
- b) acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada.

Serán aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### 2. Tramitación:

- a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as

medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

- b) acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.
- d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable –e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer– ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

### 3. Resolución:

- a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.
- b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

## LEXITIMACIÓN PARA RECORRER CONTRA AS SANCIÓNS

- 29. Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición

30. Calquera resolución ditada ou resolución disciplinaria deportiva adoptada en primeira instancia e por calquera Procedemento Disciplinario Deportivo polo Xuíz Único poderá ser recorrida ante o Comité de Apelación, no prazo máximo de quince días hábiles a partir do seguinte ao do seu notificación.
31. Calquera sentenza ou resolución disciplinaria deportiva ditada polo Comité de Apelación da F.G. Esgrima. esgota a vía federativa e poderán ser recorridas, no prazo máximo de quince días hábiles a partir do seguinte ao do seu notificación ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nos termos previstos Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia.

Artigo 63 bis.- O Presidente, os membros da Xunta directiva o dos demais órganos de dirección que puidesen estatutariamente establecerse serán personalmente responsables, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros:

- a) Das obrigas que houberse contraído a federación e que non teñan, o tivesen, o adecuado respaldo contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflexe a natureza e alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxen fiel que debe producir aquela.
- b) Das obrigas que houberse contraído a federación contra a prohibición expresa de outros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado o fora dos límites da autorización.
- c) En xeral, dos actos ou omisións que supoñan un perxucio para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

A responsabilidade descrita no apartado anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxectos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que houberen votado en contra do acordo ou non houberen intervido na súa adopción ou execución, ou aqueles que o desconocesen ou, conocéndoo, se houberen oposto expresamente a aquél.

A responsabilidade regulada no presente artigo e independente da responsabilidade disciplinaria na que se poidese incurrir, e que se esixirá conforme ás disposicións xerais da Lei Xeral do Deporte de Galicia, 3/2012 e o previsto nestes Estatutos.

## TÍTULO IX

### DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA

Artigo 64º.- Os Estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA só poden ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo ao previsto nos mesmos.

Artigo 65º.- A Proposta de modificación dos Estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou a Comisión Delegada da FEDERACIÓN, cando así o estimen oportuno, o obrigue a lexislación vixente ou o solicite o 50% dos membros da Asemblea Xeral.

Para a modificación dos Estatutos requirírase acordo aprobado polas 2/3 partes dos membros da Asemblea Xeral.

Aprobada a reforma dos Estatutos pola Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 66º.- A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA extinguiráse polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral, refrendado por maioría absoluta de todos os membros da FEDERACIÓN, en votación libre, igual, directa e segreda.
- b) Por a revocación do seu recoñecemento.
- c) Por resolución xudicial.
- d) Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- e) Por as demás causas previstas no ordenamento xurídico.

Unha vez disolta, procederase a liquidación do seu patrimonio, o patrimonio neto resultante, destinaráse aos fins de carácter deportivo de interés Xeral que determine a Secretaría Xeral para o Deporte.